

II ADDENDA AO CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E OS CONCELLOS DA PROVINCIA CUNHA POBOACIÓN INFERIOR A 50.000 HABITANTES PARA A IMPLANTACIÓN DO PROXECTO “SERVIZO DE ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA PARA CONCELLOS”

En Pontevedra/ Entidade Local Menor de Arcos da Condesa

INTERVEÑEN

Dona María del Carmen Silva Rego, presidenta da Deputación Provincial, de Pontevedra, actuando en virtude das competencias que lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

D. José Francisco Alonso Gómez, alcalde pedáneo da Entidade Local Menor de Arcos da Condesa e actuando en representación da mesma en virtude das competencias que lle atribúe o artigo 124.1.4 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Dando fe do acto, D. Carlos Cuadrado Romay, secretario xeral da Deputación Provincial de Pontevedra.

Ambas as partes recoñécense con capacidade para formalizar esta II Addenda e, en base aos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións entre as administracións públicas,

EXPOÑEN

Primeira.- Que con data 1 de decembro de 2016 aprobose o Convenio marco de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e os concellos da provincia cunha poboación inferior a 50.000 habitantes para a implantación do proxecto “Servizo de administración electrónica para concellos” (R.P. nº 2016022360).

Segunda.- Que a cláusula sexta do convenio indicaba que a duración do convenio poderá ser prorrogado ata dous anos máis no caso de que se prorrogue o acordo marco que rexe o procedemento de contratación do servizo. A prórroga deberá acordarse expresamente por mutuo acordo das partes, sen que poida producirse o seu consentimento tácito.

Terceira.- Que con data 11 de outubro de 2018 a Deputación de Pontevedra prorrogou o Acordo Marco que rexe a prestación do servizo para a implantación, uso e soporte dunha solución de administración electrónica para concellos (Exp. 2016008622) ata o 8 de novembro de 2020.

Cuarta.- Que a Deputación de Pontevedra ten en proceso a licitación, mediante un procedemento

aberto, a contratación dun novo “servizo de implantación, formación, soporte e mantemento dunha solución de administración electrónica para entidades locais da provincia de Pontevedra”.

Quinta.- Que como consecuencia das medidas aprobadas en relación coa COVID-19, tales como a suspensión dos prazos administrativos e a priorización doutros servizos esenciais, retrasaron o procedemento de licitación e, por conseguinte, a adxudicación da implantación, formación, soporte e mantemento dunha solución de administración electrónica para as entidades locais da provincia de Pontevedra.

Sexta.- Que por conseguinte, a Deputación de Pontevedra dada a imposibilidade de formalizar un novo contrato que garanta a continuidade da prestación do servizo antes da finalización do actual Acordo Marco e existindo razóns de interese público para non interromper a devandita prestación, está tramitando un contrato ponte que ten como obxectivo a continuidade do actual servizo prestado ata o 31 de marzo de 2021.

Sétima.- Que o artigo 36.2.d) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, establece como competencia propia das Deputacións Provinciais dar soporte aos Concellos para a tramitación de procedementos administrativos e a realización de actividades materiais e de xestión.

Octava.- Que a cooperación interadministrativa para a aplicación coordinada da normativa reguladora dunha determinada materia poderase plasmar a través dun Convenio no que se prevexan as condicións e compromisos que asumen as partes que o subscriben, tal e como preceptúa o artigo 144 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Novena.- Que a Deputación de Pontevedra, consciente da gran demanda e a importancia do servizo de administración electrónica para os 54 concellos, 4 Mancomunidades e 6 Entidades Locais Menores adheridos ao convenio, desexa estender, mediante esta II addenda, o seu ámbito temporal de aplicación.

Décima.- Resultando de interese para a entidade local continuar co servizo de administración electrónica.

ACORDAN

PRIMEIRA.- Ampliación da vixencia

Ampliar a vixencia do Convenio ata o 31 de marzo de 2021, data de finalización do contrato ponte.

A vixencia total do convenio de orixe non se estende máis do prazo de 4 anos establecido no art. 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

SEGUNDA.- Efectos da II addenda

A presente II addenda xurdirá efectos desde a súa sinatura.

Salvo nas modificacións expostas na presente II addenda, mantéñense plenamente en vigor todos e cada un dos termos e condicións do Convenio.

TERCEIRA.- Réxime xurídico

A regulación establecida nesta II addenda axustarase, en todo o non especificamente regulado nela, ao réxime xurídico establecido nas cláusulas do Convenio de colaboración do que trae causa.

E para que conste, e en proba de conformidade, asinan as persoas interviñentes a presente II Addenda ao Convenio de Colaboración entre a Deputación de Pontevedra e os concellos da provincia cunha poboación inferior a 50.000 habitantes para a implantación do proxecto “servizo de administración electrónica para concellos”.

Asinada dixitalmente ao marxe.